



ALBERT EINSTEIN – 100 ANOS DA TEORÍA DA RELATIVIDADE

A UNESCO escolleu o ano 2005 para render homenaxe a Albert Einstein e proclamouno Ano Internacional da Física. Trátase de recoñecer o traballo desenvolvido por este físico alemán, nacionalizado estadounidense, que naceu en 1879 e faleceu en 1955. Preténdese lembrar, 100 anos despois, a memoria dunha persoa que a partir de 1905, ano no que se doutorou na Universidade de Zurich, revolucionou o mundo da Física.

En 1905 escribe catro artigos teóricos de graden transcendencia para a Física. O primeiro sobre o **movimento browniano**, o segundo sobre o **efecto fotoeléctrico**, polo cal obtería en 1921 o premio Nobel de Física, o terceiro sobre a **electrodinámica dos corpos en movemento** e o cuarto sobre a **teoría restrinxida da relatividade**.

Pero Einstein ademais dun grande científico, foi un grande pacifista e un grande humanista.

Coa chegada de Hitler ao poder en 1933, Einstein abandonou Alemaña e instalouse nos Estados Unidos.

En 1934 escribiu en “Forum and Century”: *“¡Que extraña sorte a de nosoutros os mortais! Estamos aquí por un breve período; non sabemos con que propósito, aínda que ás veces cremos percibilo. Pero non fai falta reflexionar moito para saber, en contacto coa realidade cotiá, que un existe para outras persoas; en primeiro lugar para aqueles de cuxos sorrisos e de cuxo benestar depende totalmente a nosa propia felicidade, y logo, para os moitos, para nosoutros descoñecidos, a cuxos destinos estamos ligados por lazos de afinidade”*.

Noutro artigo publicado no mesmo ano no “Mein Weltbild” dicía: *“O individuo é o que é e ten a importancia que ten non tanto en virtude da súa individualidade como en virtude da súa condición de membro dunha graden comunidade humana, que dirixe a súa existencia espiritual e material do berce ao sepulcro. O valor dun home para a comunidade, depende, en principio da medida en que dirixa os seus sentimentos, pensamentos e accións a promover o ben dos seus semellantes.”*

En 1953 nunha mensaxe á “Canadian Education Week” publicado o ano seguinte no “Mein Weltbild” dicía: *“O descubrimento das reaccións nucleares en cadea non ten por que provocar a destrución da especie humana, ao igual que non a provocou o descubrimento dos mistos. Pero habemos de facer todo o posible para impedir que se abuse deste descubrimento”*.

O 18 de abril de 1955, faleceu en Princeton, en cuxa Universidade impartía clases e traballaba na busca da integración das catro forzas fundamentais da natureza: gravidade, electromagnetismo, nuclear forte e nuclear feble .